

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de novembro de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a María Jesús Lago Rey

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e vinte e cinco minutos do día tres de novembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1649).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 1 de outubro e ordinarias do 7 e 13 de outubro de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sr. Alcalde-presidente.

2(1650).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA.

a) Sentenza do TSXG no RC-A P.O. nº 02/4085/2006. Demandante: Colexio Oficial de Aparelladores. Obxecto: Pleno do 28/11/2005, aprobación definitiva da Ordenanza sobre aproveitamento de enerxía solar (DOG 11/01/06). Desestimado o recurso.

- b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p.a. nº 167/08. Demandante: D. Ricardo Abundancia del Barrio. Obxecto: Sanción de Tráfico. Expte. Nº 068516827. Desestimado o recurso.
- c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p.a. nº 156/08. Demandante: D. José R. Rodríguez Sabugo. Obxecto: Sanción de tráfico. Expediente nº 078654626. Desestimado o recurso.
- d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p.a. Nº 214/08. Demandante: “ATLANTIS SEGUROS” e outros. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación patrimonial. Expediente m. nº 1494/243. Desestimado o recurso.
- e) Auto do Tribunal Supremo no RC-A 01/115/2007. Demandante: Concello de Vigo. Obxecto: Real Decreto 1197/2005 (en relación coa creación do Xulgado do Mercantil nº 2 de Pontevedra). Caducidade do recurso.
- f) Sentenza e auto de rectificación Xulgado de 1ª Instancia nº 4 de Vigo. P. ORDINARIO nº 58/2006. Demandante: Comunidade de Montes Veciñais en man común de Teis. Obxecto: Acción e reivindicatoria de parcelas do monte A Madroa. (Reclamación previa desestimatoria por acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de outubro de 2005. Expediente municipal nº 17378/240). Estimada a demanda.
- g) Sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra no rec. Apelación nº 3021/2007. Demandante: Concello de Vigo. Obxecto: sentenza do X. de 1ª Instancia nº 4 de Vigo no P. ORDINARIO nº 58/2006, en relación con montes veciñais na Madroa. Estimado parcialmente o recurso.
- h) Sentenza do X. de 1ª Instancia nº 11 de Vigo. Procedemento ordinario 396/2005 (civil). Demandante: D. ALBERTO CARIDE GUISANDE. Obxecto: Titularidade de camiño en Brea Molinera, Lavadores (tramo final do ramal 4). Acción declarativa de dominio (348 c.c.) Expte.: 16.889/240. Estimada a demanda.
- i) Sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra no rec. Apelación 3218/2007. Demandante: Concello de Vigo. Obxecto: Sentenza do X. De 1ª Instancia nº 11 de Vigo sobre titularidade de camiño en Brea Molinera. Desestimado o recurso.
- k) Sentenza do TSXG no rec.de apelación nº 84/2008. Demandante: Marta Román Breijo. Obxecto: Sentenza do Xulgado nº 2 de Vigo sobre concurso de traslados do Concello de Vigo. Desestimada a apelación.
- l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 81/08. Demandante: “Ingeniería y Equipos de Energía Renovable, S.L.”. Obxecto: Sanción de tráfico. Expediente m. nº 078626337. Desestimado o recurso.
- m) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 115/08. Demandante: D. Manuel Salas Martínez. Obxecto: Sanción de tráfico. Expediente m. nº 078652113. Desestimado o recurso.
- n) Auto do TSXG no RC-A nº 4729/2007 p.o. Demandante: Unión de Consumidores da Provincia de Pontevedra. Obxecto: “Vía de feito” do 15.11.2007 (sobre porcentaxe de VPO) en relación co PXOM-2008. Inadmitido o recurso.

- o) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A P. A. nº 60/08. Demandante: don Donato Comesaña Comesaña. Obxecto: Resolución do 4/12/07, desestimatoria da reclamación previa por ocupación de terreo para colector de saneamento. Expte.53096/250. Estimado o recurso parcialmente.
- p) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.o. 40/08. Demandante: D^a. Estrella Noya Barcia. Obxecto: Resolución de Seguridade do 21/01/08, mesas e cadeiras na vía pública. Desestimento da autora.
- q) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p. a. nº 139/08 Demandante: D^a Irene Ríos Fernández. Obxecto: Desestimación “presunta” de reclamación sobre probas físicas en selección de persoal da Policía Local (OEP-2005). Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1651).- PRESTACIÓN DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 01/49, 12/1870.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora social Responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D^a. Rosa Mariño Bahamonde. Expte. 12/1870.
- D^a. Joaquina Blando del Río. Expte. 49/01.

4(1652).- SEGUNDA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS DURANTE O ANO 2008. EXPTE. 7688/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 27.10.08, e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 18.09.08, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Outorgar a seguinte subvención ó clube que de seguido se relaciona, por un total de 24.000,00 €, correspondentes á 2ª resolución da convocatoria de subvencións para a organización de eventos deportivos no ano 2008, con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01. do orzamento do 2008.

	EN-TI-DA-DE	CIF	NOME DO EVENTO	SUBVENCIÓN	DESCRIPCIÓN DO EVENTO-CRITERIO DESTACADO
1	RP3	G-36850378	COPA DE EURO-PA-IX TROFEO CIUDAD DE VIGO	24.000,00€	Campionato de Europa oficial na modalidade de descenso en mountain bike, de carácter internacional no que participan deportistas de toda Europa, e de gran repercusión social e mediática

5(1653).- DEVOLUCIÓN DE AVAL:

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta do enxeñeiro técnico agrícola, do 21.10.08, conformado pola concelleira delegada do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Viuconsa S.A. Expte. 3913/446.

Que se proceda a devolución de aval requirido a Viuconsa S. A. por valor de 240,00 € por retirada dun camelio na rúa Rogelio Abalde nº 16 para demolición de edificio, xa que unha vez rematadas as obras a árbore foi repostada no seu sitio.

b) Valery Karpin S.L. Expte 4314/446.

Que se proceda a devolución de aval requirido a Valery Karpin S. L. por valor de 1.863,14 € por retirada de mobiliario en rúa Progreso nº 35 por obras en edificio, xa que unha vez rematadas as obras o mesmo foi repostado correctamente.

6(1654).- ALLEAMENTO DE 56 VEHÍCULOS E CHATARRA DO PARQUE CENTRAL. EXPTE. 2479/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do negociado de Contratación, do 21.10.08, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Allear para chatarra 56 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar-las bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do abono do prezo.

2.- Allear para chatarra a seguinte depositada no Parque Central de Servizos:

- Vehículo PO-6904-BL Citroen Xsara, cun peso aproximado de 900 kgs.
- Máquina de cadeas FL10B, cun peso de 12.000 kgs.
- Rodillo Lebrero AV, cun peso de 8.300 kgs.
- 20.000 kgs. de chatarra diversa de ferro.
- 1.000 kgs. de retales de cable de cobre illado.
- 500 kgs. de retales de cable de aluminio.

Os ofertantes aportarán prezos para a retirada de cada unha destas partidas, tendo en conta que serán ó seu cargo os custos de seccionamento, carga, temas administrativos, etc.

A pesase efectuarase no Parque Central utilizando a báscula das instalacións.

A retirada das chatarras realizarase entre as 9.00 e as 14.00 horas, agás que se autorice polo Parque Central un horario diferente por razóns xustificadas.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

7(1655).- SEGUNDA PRÓRROGA CONTRATO PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO EN EXPOSICIÓN E ACTIVIDADES DE DEPENDENCIAS CULTURAIS. EXPTE. 11142/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 12.08.08, conformado polo concelleiro de Cultura, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 15-11-2008 ó 14-11-2009 do contrato para a execución dos servizos de atención ó público en dependencias culturais e exposicións adjudicado á empresa Securitas Servicios, S.A. por acordo da Xunta de Goberno de 07-11-2005.

2º.- O importe da prorroga será de 289.816,91 euros, sen perxuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputaran á partida 4510.227.06.14 de acordo coa seguinte distribución: 36.227,12 euros no ano 2008 e 253.589,81 euros no ano 2009.

8(1656).- SOLICITUDE DE D. JULIO VEIGA GALIÑO DE PECHE DO CÑO. DOS ANXOS Nº 9. PROPOSTA DESESTIMATORIA. EXPTE. 17892/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 21.10.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).*
- *L 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).*
- *L30/1992 de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*
- *RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).*
- *L 4/1994 de 14 de setembro das Estradas de Galicia (LEG)*
- *RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)*
- *RD 2568/1986 de 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- D. Julio Veiga Galiño mediante escritos de 29.08.2006 e 26.04.2007 reitera a solicitude (2002) de compra do camiño dos Anxos para a súa edificación posterior procedendo o peche de dito calexon.

SEGUNDO.- Pola oficina do Inventario Municipal de Bens e dereitos da Unidade de Patrimonio informouse o pasado 2 de setembro do 2008 que dito calexon obxecto de solicitude polo interesado coincide co Camiño dos Anxos que figura como público no Inventario municipal, folla cartográfica 15-27, con orixe na rúa López Mora e remate na rúa Alfonso X o Sabio, dunha lonxitude de 72 ml.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- Os bens de dominio público veñen regulados no noso Ordenamento Xurídico , tanto na normativa xurídica de réxime local como en normas de dereito privado, e lexislación sectorial.

Así a Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local (modificada por Lei 11/99) dispón no Art. 79.2 e 3, que os bens das Entidades Locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público os destinados a uso ou servizo público. Mesmo o Art. 80 sinala que os bens comunais e demais bens de dominio público son inalienables, inembargables e imprescriptibles . No mesmo senso pronúnciase a Lei 5/97 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia no Art. 263, concretando como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da Entidade Local. Igualmente nos mesmos termos recóllese no R.D. 1.372/86 de 13 de xuño do Regulamento das Entidades Locais (Art. 2 , 3 e 5).

Por outra banda o Código Civil igualmente configura como bens de uso público nas Provincias e Pobos os camiños provinciais ou veciñais, as prazas, rúas, fontes e augas públicas, paseos e obras públicas de servizos xerais, costeadas polos mesmos pobos ou provincias.

SEGUNDO.- Consonte o disposto na LPAP, o réxime xurídico de aplicación a ditos bens de natureza demanial é o previsto nas leis e disposicións especiais que lle sexan de aplicación e a falta de normas especiais pola propia lei de Patrimonio e disposicións que a desenvolvan ou complementen (art. 5.4LPAP).

Así mesmo dita lei regula no seu art. 6 os principios o que axustarase a xestión e administración destes bens e dereitos de dominio público, dispoñendo o carácter da inalienabilidade, inembargabilidade e imprescriptibilidade que rexe para os mesmos.

TERCEIRO.- A teor do exposto non procede acceder a solicitude de venda formulada polo interesado do camiño dos Anxos, o tratarse dun ben afecto o uso público como vía municipal e polo tanto clasificado como de natureza xurídica demanial, o que o fai en aplicación do réxime xurídico que rexe inalienable, e por outra banda non susceptible do seu peche ou eliminación xa que como vía pública atópase dedicada o uso común e xeral, entendido por tal aquel que corresponde por igual a todos os cidadáns indistintamente, de tal xeito que o uso duns non impida o dos demais interesados, podendo ser exercido dito uso de xeito libre con arranxo a súa propia natureza, os actos de afectación e apertura o uso público e as Leis , Regulamentos e demais disposicións xerais (art. 75 do RBEL).

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Denegar a solicitude formulada por D. Julio Veiga Galiño referente a adquisición do Camiño dos Anxos, ao tratarse dunha vía pública municipal e polo tanto non enaxenable de acordo co ordenamento xurídico.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1657).- SELECCIÓN DE EMPRESAS PARA ELECCIÓN DE LICITADORES PARA ACOMETER OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN NO BARRIO DE BOUZAS-FASE I ENTORNO DO MERCADO EXPTE. 56045/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 29.10.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Seleccionar ás empresas que deseguido se relacionan para negociar a execución do contrato de obras de humanización do barrio de Bouzas. Fase I entorno do mercado. (Expte 56045-250).

- Construcciones Crespo, S.A.
- Sercoysa Proyectos y Obras, S.A.
- Movexvial, S.L.

10(1658).- SELECCIÓN DE EMPRESAS PARA ELECCIÓN DE LICITADORES PARA ACOMETER OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DE BEIRARRÚAS NA AVDA. CASTELAO, FASE 1. EXPTE. 55426/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 22.10.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Seleccionar ás empresas que deseguido se relacionan para negociar a execución do contrato de obras de humanización de beirarrúa na avenida de Castelao fase 1 (Expte. 55426-250).

- Construcciones Crespo, S.A.
- Sercoysa Proyectos y Obras, S.A.
- UTE Obras Reformas e Saneamentos, S.L. - Hidroestructuras, S.l.

11(1659).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A PASSCO. EXPTE. 2461/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto os informes da Oficina técnica, do 22.10.08, os informe de Intervención Xeral, do 27.10.08, e de acordo co informe-proosta do xefe de negociado de Contratación, do 29.10.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a PASSCO as fianzas por importe de 2.846,24 €, 1.651,74 €, 4.509,69 € e 2.811,69 €, constituídas para responder das subministracións de materiais eléctricos xa que foron recibidas mediante acta de 9.10.00 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

12(1660).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO ENTORNO DO RECINTO ARQUEOLÓXICO DA VILA ROMANA DE TORALLA. EXPTE. 4472/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 24.10.08, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 4472-307 polas razóns expostas pola Delegada da Area de Patrimonio Histórico no punto segundo da súa reslución de 31-07-2008.

2º Aproba-lo proxecto de urbanización do entorno do recinto arqueolóxico da vila Romana de Toralla redactado polos arquitectos municipais D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradas.

2º.- Aproba-lo gasto de 119.999,99 euros para a execución das obras de urbanización do entorno do recinto arqueolóxico da vila Romana de Toralla, que se imputarán á partida 4531.601.00.00 do presupuesto do ano 2008.

3º Aproba-lo expediente de contratación que contén o prego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado sen publicidade para a execución das obras de urbanización do entorno do recinto arqueolóxico da vila Romana de Toralla a Folla de Especificacións do Contrato de data 30-09-2008.

4º Negociar a execución do contrato con alomenos tres empresarios con capacidade e solvencia económica e técnica para executa-lo contrato.

13(1661).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO INTERIOR DE LOCAL PARA UBAS EN CASTRELOS, LITORAL E COIA. EXPTE. 33671/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.10.08, conformado polo interventor xeral e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 29.10.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Feyju Galicia, S.L. a execución das obras de acondicionamento do local para as unidades de acción social de Castrelos, Litoral e Coia (Expte. 33.671-301) por un prezo total de 450.000, incluída a execución da totalidade das melloras relacionadas no apartado 28.4 da FEC. Todo iso de acordo co proxecto e pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 28-07-2008 e a oferta presentada.

14(1662).- ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DELEGACIÓN TERRITORIAL EN GALICIA DO “COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS NAVALES Y OCEÁNICOS”. EXPTE. 4547/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.10.08, e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, conformado pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Acordo marco de colaboración entre o Concello de Vigo e a Delegación Territorial en Galicia do Coligio Oficial de Ingenieros Navales y Oceánicos para a colaboración e apoio deste órgano nos campos profesionais, científicos, técnicos e formativos de interese común respecto dos sectores naval, náutico e marítimo.

*ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN
ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DELEGACIÓN TERRITORIAL EN GALICIA DO COLEGIO OFICIAL
DE INGENIEROS NAVALES Y OCEANICOS*

En Vigo, a __ de _____ de 2008

Por unha parte, d. Guillermo Gefaell Chamochín, con NIF 35986350-K en nome e representación do Colegio Oficial de Ingenieros Navales y Oceánicos en Galicia con CIF Q2870003-G, na súa calidade de Decano Territorial do mesmo, con domicilio na Avenida de Vigo, 135-137 entrechá 1, 15403 de Ferrol, (en adiante COIN), que actúa no exercicio en función dos poderes descritos o 9 de marzo de 2006 ante o Notario do Ilustre Colegio Notarial de Madrid, d. Antonio Crespo Monerri, e que figura co N° 664 do seu Protocolo.

E de outra parte, d. Santiago Domínguez Oliveira, Teniente de Alcalde, en representación do CONCELLO DE VIGO,

Ambas partes reconécese capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das súas respectivas entidades o presente Convenio e a tal efecto:

EXPOÑEN

1.- Que a Delegación Territorial do COIN foi constituída en decembro de 2001 e, nos seus vixentes estatutos, inclúe entre os seus obxectivos:

- Ostentar a representación da profesión e intereses profesionais ante as autoridades, Entidades e Institucións na Comunidade Autónoma.*
- Propoñer aos organismos autonómicos competentes a adopción de cantas medidas se consideren convenientes para o exercicio, desenvolvemento, perfeccionamento e defensa da profesión.*
- Informar, canto para iso sexa requirida polo goberno autonómico, sobre modificacións de normativas que afecte á construción naval, tráfico marítimo, pesca, industrias náuticas, deportivas e de recreo, aproveitamento dos recursos mariños ou calquera outra que teña relación coa profesión de enxeñeiro naval ou enxeñeiro naval e oceánico.*
- Asesorar aos organismos oficiais e entidades particulares en materias da súa competencia, emitindo informes e resolvendo as consultas que lles sexan interesadas polos mesmos.*

2.- Que o COIN e o Concello de Vigo están interesados na colaboración mutua para realizar actividades relacionadas cos sectores naval, náutico e marítimo.

3.- Que tanto o COIN como o Concello de Vigo están de acordo en establecer un marco de colaboración nos campos profesionais, científicos, técnicos e formativos de interese común.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o COIN e o Concello de Vigo

CONVEÑEN

Estreitar as súas relacións, axuntar esforzos e establecer normas amplas de actuación que canalicen e incrementen, dentro do marco preestablecido, os contactos e colaboracións de acordo coas seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- FINALIDADE DO ACORDO MARCO

O obxecto deste Acordo é establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre o COIN e o Concello de Vigo, en actividades científicas, profesionais, tecnolóxicas, de formación, difusión, e de colaboración en temas específicos, orientadas aos sectores naval, marítimo, náutico e industrial, e desenroladas na Comunidade Galega.

SEGUNDA.- MODALIDADES DE COLABORACIÓN

- a) Cooperación para a xestión, implantación e posta en marcha de todo tipo de proxectos relacionados cos ámbitos e campos anteriormente mencionados.*
- b) Cooperación para a presentación conxunta e realización de proxectos de I+D+i relacionados con convocatorias tanto autonómicas, como nacionais ou europeas.*
- c) Elaboración de programas de difusión e divulgación en materias e coñecementos relacionados cos campos naval, marítimo e industrial.*
- d) Facilitamento mutuo para o uso de instalacións e ferramentas de difusión.*
- e) Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das disponibilidades das partes e das actividades que constitúen o obxecto do presente Acordo Marco.*

TERCEIRA.- CONTIDO DOS CONVENIOS ESPECÍFICOS.

Cada proxecto e/o programa de actuación no marco deste Acordo será obxecto dun Convenio Específico que deberá conter, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) Definición do obxecto que se persigue.*
- b) Descrición da Memoria e do Plan de Traballo, que incluírá as distintas fases do mesmo e a cronoloxía do seu desenrolo.*
- c) Presuposto total e medios materiais e humanos que requira o citado programa, especificando as fontes de financiación.*
- d) Normas para a coordinación, execución e seguimento do proxecto.*
- e) Nome das persoas, que se designarán por mutuo acordo e se responsabilizarán da marcha do Convenio.*

En virtude do anterior, ningunha das partes asinantes do presente acordo adquire ningunha obrigaón nin compromiso económico de ningunha clase. Ditas obrigaóns deberán ser obxecto de regulación expresa en cada convenio específico.

CUARTA.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO.

As colaboracións derivadas deste Acordo Marco quedarán suxeitas ás normas do COIN e o Concello de Vigo, na forma que establezan os Convenios Específicos, tendo en conta a natureza da colaboración e o Centro onde se realice o traballo.

QUINTA.- PROXECTO DO BUQUE “BERNARDO ALFAGEME”

No ámbito deste acordo Marco, identifícase xa unha posible primeira actuación de carácter urxente sobre a xestión a realizar para a transformación e posta en servizo para usos museísticos do buque “Bernardo Alfageme”, que deberá ser reflexada no correspondente convenio específico.

SEXTA.- ESTABLECEMENTO DA COMISIÓN MIXTA.

Para facilitar a colaboración dos Convenios Específicos, o seu seguimento e cumprimento, constituirase unha Comisión Mixta paritaria, formada por dous representantes do COIN e dous do Concello de Vigo.

Dita comisión constituirase no prazo de trinta días, contados a partir da data da firma deste Acordo Marco.

A Comisión Mixta ditará as súas normas internas de funcionamento.

SETIMA.- FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN MIXTA.

Á Comisión Mixta correspóndenlle, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Promover posibilidades de colaboración en temas científico-tecnolóxicos, históricos, etnolóxicos, culturais e de conservación do patrimonio, que sexan de interese común.*
- b) Preparar os Convenios Específicos de execución do presente Acordo Marco sobre as materias seleccionadas, dentro das modalidades de colaboración establecidas na cláusula segunda.*
- c) Elevar as propostas que elabore os órganos competentes das dúas partes.*
- d) Aclarar e decidir cantas dúbidas poidan exporse na interpretación e execución dos Convenios Específicos.*
- e) Realizar o seguimento dos Convenios Específicos que se suscriban.*

OITAVA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN.

O presente Acordo Marco entrará en vigor no momento da súa firma e a súa vixencia será de catro anos, renovables por períodos iguais por acordo entre as partes.

NOVENA.- MODIFICACIÓN E RESCISIÓN.

As partes poderán modificar ou denunciar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo.

Calquera das partes poderá á súa vez, denunciar o presente acordo comunicándollo por escrito á outra parte con dous meses de antelación á data na que se vaia a dar por rematado. En ámbolos casos deberán rematarse as tarefas dos Convenios Específicos que estean en vigor.

DÉCIMA.- CONFIDENCIALIDADE. *Todo o persoal do COIN e do Concello de Vigo que teña participación nos Proxectos e Colaboracións obxecto deste convenio, manterá una total confidencialidade sobre os seus contidos e resultados, parciais ou finais.*

Os informes que se emitan e os resultados obtidos só poderán ser coñecidos por terceiros mediante autorización previa e expresa do COIN e do Concello de Vigo.

UNDÉCIMA.- PROPIEDAD INTELLECTUAL DOS TRABALLOS.

A propiedade intelectual dos traballos e dos resultados que se obteñan mediante accións desenvoltas baixo este Convenio, será definida en cada un dos Convenios Específicos, que se establecerán ao amparo deste Convenio como Anexos ao mesmo.

DUODÉCIMA.- DEREITOS DA PROPIEDAD, PATENTES E PUBLICACIÓNS.

Os dereitos de propiedade sobre os programas desenrolados, así como calquera dos seus compoñentes, que se obteñan como consecuencia de colaboracións levadas a cabo baixo este Convenio, ao igual que as patentes a que deran lugar, serán propiedade da entidade que o puidese financiar na proporción que corresponda á financiación aportada por cada parte, sempre dentro dos condicionantes establecidos no Convenio Específico

correspondente, que de acordo có disposto na Cláusula Terceira deste Convenio será necesario establecer en cada caso.

DÉCIMOTERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS.

O presente Convenio, é un protocolo ou convenio de carácter administrativo, sometido ao orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativo e ao que lle serán de aplicación as normas de dereito administrativo e, con carácter supletorio, as leis civís e mercantís do Ordenamento Xurídico.

E en proba de conformidade, asinan o presente Convenio por triplicado exemplar e en todas as súas follas, a un solo efecto, no lugar e data ao comezo indicados.

15(1663).- PRODUCTIVIDADE PERSOAL CONSERXERÍA DO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE ABRIL E SETEMBRO 2008. EXPTE. 18508/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.09.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 13.10.08, conformado pola xefa do Servizo de Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes.-

Ao persoal dependente do Servicio de Conserxería se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, tal e coma se recolle na Instrucción 3ª, ap. m) sobre Cadro de Persoal e relación de postos de traballo vixentes, BOP, de 10 de setembro de 2008.

Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para a percepción do complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senón que teñen que estar a disposición da Alcaldía, para dar cobertura a numerosos actos e recepcións programados na Casa do Concello, no momento no que sexan requeridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.

Recíbese no Servizo de Persoal escritos asinados pola Xefa de Subalternos , Dª Teresa Vaqueiro Herbello, O Xefe do Servizo de animación sociocultural e festas, e o concelleiro delegado de xestión municipal nos que se informa do número de horas realizadas por D Jose Angel Fernandez Alonso e Dª M Teresa Vaqueiro Herbello no período comprendido entre abril e setembro de 2008, para o seu aboamento , de conformidade co disposto na base m) da Instrucción 3ª sobre plantilla e relación de postos de traballo.

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde á Alcaldía Presidencia da Corporación a distribución do complemento de produtividade entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno, sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/ 85, de 2 de abril.

Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo atópase delegada na Xunta de Goberno Local.

A este respecto, as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 4 de agosto de 2008, en concreto a citada instrución no seu punto 3^a m), establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria o persoal adscrito á Conserxería Municipal polas labores, a dispoñibilidade horaria das cales sexa requerida expresamente pola Alcaldía-Presidencia, paraa recompensa-lo especial rendemento e dedicación esixible ó referido persoal, e que colabora cos departamentos de Cultura, Animación Sociocultural e Relacións Públicas dando cobertura e apoio ós actos e recepcións programados na Casa do Concello, celebrados dun xeito extraordinario fora da xornada ordinaria en sábados, domingos e festivos, establécese un complemento de produtividade, con devengo trimestral, en función das horas traballadas, supeditado en todo caso ó informe dos responsables dos referidos servizos, acreditativo do rendemento e dedicación dos traballadores propostos e que fosen autorizados expresamente pola Alcaldía-Presidencia antes da súa realización, sendo a Xunta de Goberno Local a que establecerá a contía e regulación pormenorizada da asignación da produtividade.

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraranse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servizos, considerase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado os abonos seguintes:

Teresa Vaqueiro Herbelo: Hora festiva: 5,60 €
Jose Angel Fernandez Alonso: Hora festiva: 4,28 €

cantidades que se aboaran en función das horas en exceso realizadas, resultando os seguintes importes:

D^a Teresa Vaqueiro Herbelo: 25 h 30 m: 142,80 €
D Jose Angel Fernandez Alonso: 40h 30 m : 173,34 €

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PREVIO INFORME DA INTERVENCIÓN XERAL, A SEGUINTE PROPOSTA:

“Aboar aos funcionarios D^a Teresa Vaqueiro Herbelo a cantidade de 142,80 € e a D Jose Angel Fernandez Alonso a cantidade de 173.34 €, persoal adscrito a Conserxería Municipal, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento do seu posto de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas no periodo comprendido entre os meses de abril e setembro de 2008, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, e que supón un total de 316,14 €.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1664).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN ADSCRICIÓN PROVISIONAL DE D^a DOLORES BERNÁNDEZ FERNÁNDEZ AO POSTO DE XEFE/A DO LABORATORIO MUNICIPAL. EXPTE. 18525/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 17.10.08, que di o seguinte:

DECRETO

Na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo figura vacante o posto denominado “Xefe/a Servizo Laboratorio”, código retributivo 025, con nivel de complemento de destino 27 e complemento específico 7, debido ao cese do funcionario adscrito ao mesmo, D. Jesús Núñez-Torrón López.

O dito posto de traballo pode ser ocupado por un técnico superior, encadrado no subgrupo A1 de titulación e na escala de administración especial, segundo contempla a propia RPT municipal.

Considerando que a urxencia no desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo correspondente á devandita xefatura, postas de manifesto na proposta da Concelleira de Meido Ambiente, Sanidade e Consumo de data 14 de outubro de 2008, impide que se aprace no tempo a provisión do mesmo, facendose necesario o recurso á figura da adscripción provisional para a provisión transitoria do posto de traballo concreto, recollida no artigo 7 do vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, sen prexuízo da súa provisión con carácter definitivo polos procedementos correspondentes;

En aplicación do disposto na Base 34^a das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2008, onde se establece que serán cubertos polo sistema de libre designación aqueles postos de traballo que así estean determinados na relación de postos deste Concello, sendo en calquera caso cubertos por este procedemento os postos técnicos de nivel igual ou superior ó 26;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

“Primeiro.- Adscribir provisoriamente á funcionaria Analista de Laboratorio D^a M^a Dolores Bernández Fernández, con nº de persoal 21485, ao posto vacante denominado “Xefe/a Servizo Laboratorio, código retributivo 025 da vixente Relación de postos de traballo, no Servizo 313-Laboratorio Municipal, partida funcional 412.1, debido á urxencia na cobertura do mesmo fundamentada na inaprazabilidade de desenvolvemento das funcións inherentes ao dito posto de traballo dentro do organigrama administrativo do Servizo do Laboratorio Municipal, toda vez que se trata dun posto de libre designación consonte ao disposto na Base 34^a das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2008, e sempre sen prexuízo da súa cobertura con carácter definitivo polos procedementos legalmente establecidos.

Segundo.- Os efectos económicos da referida adscripción, serán dende a data da presente resolución, debendo darse traslado á interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Unidade de Persoal, Organización e Métodos, Intervención Xeral, así como ao Comité de Persoal.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

17(1665).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN SOBRE PERMISO RETRIBUÍDO Á FUNCIONARIA D^a M^a DOLORES CAPELO GONZÁLEZ. EXPTE. 18533/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 22.10.08, que di o seguinte:

Con data 21 de outubro de 2008, D^a M^a Dolores Capelo González, administrativo de administración xeral, adscrita ó Tribunal Económico-Administrativo, solicita se lle conceda un permiso para atender o coidado dun familiar de primeiro grao (mai), atendendo o previsto na Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio da función pública de Galicia, do 23 ao 28 de outubro de 2008, aportando informe médico no que se indica a necesidade de acompañante.

O art. 70.k) da Lei 13/2007, de modificación da Lei 4/1988 da función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, acollidos/as ou familiares conviventes, e para atender o seu coidado, o persoal funcionario terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes propón ó Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a. M^a Dolores Capelo González, con nº persoal 21781, administrativo de administración xeral, adscrita ó Tribunal Económico-Administrativo, un permiso retribuído de 6 días naturais, de conformidade co previsto no art. 70.k) da Lei 13/2007, para atender ao coidado da súa mai, no período comprendido entre os días 23 e 28 de outubro de 2008”.

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

18(1666).- PASE Á SITUACIÓN DE SERVIZOS ESPECIAIS DO FUNCIONARIO D. ANTONIO VILLANUEVA GUIMERÁNS. EXPTE. 18532/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 22.10.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Con data de entrada en Rexistro Xeral deste Concello 20 de outubro de 2008, a Subdelegación de Defensa de Pontevedra comunica que D. Antonio Villanueva Guimeráns, nº persoal 78152, Técnico de Sistemas, foi activado para ser incorporado ó servizo activo da Armada pola súa condición de reservista voluntario, segundo resolución 631/14733/08, durante o período do 1 ao 30 de novembro de 2008, ambos inclusive.

O art. 87.l) da Lei7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que os funcionarios de carreira serán declarados en situación de servizos especiais cando sexan activados como reservistas voluntarios para prestar servizos nas Forzas Armadas, percibindo as retribucións do posto ou cargo que desenvolvan e non as que lle correspondan como funcionarios de carreira, sen prexuízo do dereito a percibir os trienios que teñan recoñecidos en cada momento. O tempo de permanencia en tal situación computaráselle a efectos de ascensos, recoñecementos de trienios, promoción interna e dereitos no réxime de seguridade social que lles sexa de aplicación.

Por outra banda quen se atope en situación de servizos especiais terá dereito ó reingreso ó servizo activo na mesma localidade e condicións coas retribucións correspondentes á categoría nivel ou escalón da carreira consolidados.

24(1672).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A TIAGO GONÇALVES GODOY POLA EXECUCIÓN DE CALA NA RÚA ARQUITECTO PÉREZ BELLAS Nº 5. EXPTE. 56775/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 27.10.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada por TIAGO GONCALVES GODOY, de data 13/10/08, en relación a fianza constituída en data 23/09/08, para responder dos danos que puideran ocasionarse por execución de cala na Rúa Arquitecto Pérez Bellas nº 5, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 24 de outubro de 2008, donde reseñase que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE:

Proceder a devolución da fianza a TIAGO GONCALVES GODOY, constituída na data reseñada, polo importe de 52 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1673).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A AREAL 124 INGENIERÍA S.L. POLA EXECUCIÓN DE OBRAS DE CANALIZACIÓN NA RÚA FIGUEIRAS-XESTOSO. EXPTE. 56324/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 27.10.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada por AREAL 124 INGENIERÍA, de data 18/8/2008, en relación a fianza constituída en data 09/05/08, para responder dos danos que puideran ocasionarse por execución de obras de canalización na rúa Figueiras - Xestoso, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 24 de outubro de 2008, donde reséñase que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE

Proceder a devolución da fianza a AREAL 124 INGENIERÍA, constituída na data reseñada, polo importe de 558,35 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1674).- DEVOLUCIÓN DE AVAL DE 1303,85 € A AREAL 124 INGENIERÍA S.L. POLA EXECUCIÓN DE OBRAS DE CANALIZACIÓN NA RÚA FIGUEIRAS-XESTOSO.EXPTE. 56323/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 27.10.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada por AREAL 124 INGENIERÍA, de data 18/8/2008, en relación a fianza constituída en data 30/05/07, para responder dos danos que pudesen ocasionarse por execución de obras de canalización na rúa Figueiras - Xestoso, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 24 de outubro de 2008, donde reséñase que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE:

Proceder a devolución da fianza a AREAL 124 INGENIERÍA, constituída na data reseñada, polo importe de 1.303,83 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1675).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA E COLABORACIÓN NOS PROCEDIMENTOS DE RECADACIÓN NA VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO E ASISTENCIA TÉCNICA E COLABORACIÓN NOS PROCEDIMENTOS DE XESTIÓN E RECADACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN EN MATERIA DE TRÁFICO E SEGURIDADE VIAL. EXPTE. 7078/540.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

28(1676).- ADHESIÓN AO MODELO DE ESTATUTOS DA ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN UE,5 VIÑAGRANDE. EXPTE. 4858/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 24.10.08, que di o seguinte:

O PERI U.E. 5 “VIÑAGRANDE” na parroquia de Alcabre, ámbito de planeamento delimitado no PXOU-93, aprobouse definitivamente en sesión plenaria do 29.10.2001 (exp. nº 2935/411). No dito PERI delimitase todo o ámbito como un único polígono, a executar mediante o sistema de compensación.

A XC constituíuse en escritura pública no ano 1998 e mediante Resolución do Director Xeral de Urbanismo da CPTOPV da Xunta de Galicia do 22.11.2005, inscribiuse a derradeira renovación de cargos da Xunta de Compensación do PERI Viñagrande no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras (expte. 4606/401).

O 17.11.97 o Pleno do Concello acordou a aprobación definitiva do proxecto de compensación do PERI Viñagrande (expte. 4031/401).

A Xunta de Goberno Local en sesión do 31.07.06 acordou a recepción das obras de urbanización da U.E. 5 Viñagrande (expte. 4038/401).

En data 10.09.08 dona Nieves Jallas Gándara en nome e representación da “Congregación de Hermanitas de los Ancianos Desamparados” presentou escrito (doc 80111678) no que se solicita a admisión a trámite a aplicación ó modelo xeral de estatutos da Entidade Urbanística de Conservación para o ámbito do “PERI Viñagrande” indicando que a devandita congregación relixiosa dispón dun porcentaxe de participación no polígono superior ao 70% que esixe o art. 5 do Modelo Xeral de Estatutos da Entidade de Conservación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 11.12.03 e publicado no BOP Nº 1 DE 02.01.04.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Aplicación do modelo xeral de Estatutos para a Constitución da Entidade de Conservación.- O artigo 5º do modelo xeral de Estatutos aprobado polo Consello da Xerencia municipal de Urbanismo en data 11.12.03 (expte 4462/401), establece a posibilidade de que os propietarios que representen máis do 70% das cuotas de participación nun polígono, insten a aplicación do modelo xeral de estatutos para a constitución da entidade de conservación. O acordo de aplicación deberá ser notificado a todos os propietarios que consten como tales no expediente do proxecto de compensación.

2.- Necesidade de constitución da Entidade de Conservación e adscripción obrigatoria dos propietarios á Entidade Urbanística de Conservación.- De acordo co previsto no artigo 110.6 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, permite ó planeamento prever que a conservación da urbanización sexa a cargo dos propietarios dos soares resultantes. Tal previsión xa viña contida no artigo 68 do RD 3.288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística. A obriga de conservación ven así mesmo derivada da aplicación do artigo 2.3.5.2 do vixente plan xeral de ordenación municipal. Tanto a normativa de aplicación (RD 3288/78, de 25 de agosto -arts. 24-30 e 67-70-), como a propia Xurisprudencia, considera que para a constitución dunha entidade de conservación non é obrigatorio o quorum que se esixe nas xuntas de compensación e a súa constitución é obrigatoria non sendo necesario a conformidade de todos os obrigados a formar parte da mesma (STS 26 de outubro de 1998, RJ 1998,7688). Os propietarios non poden sustraerse da participación na entidade de conservación, obriga que ven derivada da aplicación do plan xeral de ordenación municipal vixente, do proxecto de compensación e do resto dos acordos de aplicación dos mesmos.

Por outra parte, a obriga de conservación da urbanización corresponde á Xunta de Compensación ata a completa recepción da mesma por parte do Concello. Neste momento, inicia a obriga de conservación por parte da Entidade de Conservación.

3.- Competencia para a adopción do presente acordo.- É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).

Por todo elo, proponse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aplicar ó ámbito do “PERI VIÑAGRANDE” o modelo de estatutos aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02/01/2004).

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ós interesados, requeríndolles para que no prazo dun mes se constituía en escritura pública a Entidade de Conservación.

TERCEIRO: Nomear como representante municipal desa Entidade de conservación ó Delegado da área de urbanismo e vivenda, don José Manuel Mariño Mendoza.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ós interesados coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

29(1677).- EXECUCIÓN DA SENTENZA DO TSXG RECAÍDA NO REC. SUPPLICACIÓN Nº 2232/2008 E RECLAMACIÓN XURISDICCIONAL EN VÍA LABORAL INTERPOSTA POR Dª. PATRICIA MARTÍNEZ GONZÁLEZ. EXPTE. 18453/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 31.10.08, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 15.09.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 26 de xuño do 2008 a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictou sentenza no recurso de suplicación nº 2232/2008, interposto polo Concello de Vigo contra a Senteza do Xulgado do Social de Vigo nº 4, sendo parte recorrida Dª Patricia Martínez González. Na sentenza dictada en suplicación o TSXG desestima o recurso de suplicación interposto pola representación legal do Concello, confirmando íntegramente a sentenza de instancia recorrida, na cal se fallara literalmente:

“Que estimando la demanda interpuesta por Dª PATRICIA MARTÍNEZ GONZÁLEZ debo declarar y declaro improcedente el despido de que fue objeto con fecha 13-12-07 por parte del AYUNTAMIENTO DE VIGO, al que condeno a que en el plazo de cinco días desde la notificación de esta resolución opte entre la readmisión o abonarle una indemnización de 13.617 euros, así como los salarios dejados de percibir desde la fecha del despido hasta la notificación de esta sentencia, advirtiendo a la citada empresa que en caso de no optar el el plazo expresado se entenderá que procede la readmisión.”

2.- A representación legal do Concello exercitou a opción da indemnización no prazo outorgado pola sentenza de instancia. Por medio de fax remitido á Unidade de persoal en data 03/07/2008, o letrado manifesta a improcedencia da interposición de recurso de casación, entendendo igualmente que procedería a formulación da correspondente proposta de aboamento da indemnización e correspondentes salarios de tramitación.

3.- Acreditada a firmeza da sentenza a través da copia da dilixencia de ordenación extendida o 17/07/2008 polo Secretario xudicial da Sala do Social do TSXG, na cal se fai constar que transcorridos os prazos legalmente establecidos ao efecto non consta a presentación de recurso contra a mesma, en Auto de data 01/09/2008 (notificado 12/09/2008) o Xulgado do Social nº 4 de Vigo (nº de execución 136/2008) requeriu ao Concello de Vigo para que se proceda ao inmediato cumprimento da sentenza nos seus propios termos, outorgándolle un prazo de

15 días para o aboamento da cantidade por principal, fixada nun importe de 21.080,19 euros, máis 3.000 euros en concepto de costas, polo que proceda a inmediata execución da mesma.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por estes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, efectúa no seu artigo 235 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 27 de xuño do 2008, recaída no recurso de suplicación nº 2232/2008.

IV. Os conceptos indemnizatorios que cómpre aboar, segundo o contido do Auto do Xulgado do Social nº 4 de Vigo (nº de execución 136/2008) do 01/09/2008 relacionado nos antecedentes, desglósanse como de seguido se indican:

- Cantidade por principal, fixada nun importe de 21.080,19 euros.
- Cantidade de 3.000 euros en concepto de costas.

Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, parece claro que, tendo por obxecto o fallo da sentenza o aboamento de cantidade determinada en execución de senteza xudicial firme derivada de reclamación xurisdiccional laboral, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127.1.g) e h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación tanto da cláusula de competencia residual en materia de persoal como da autorización e disposición de gasto en materias obxecto da súa competencia, recollidas nos epígrafes do citado precepto legal.

Consecuentemente, e previa a preceptiva fiscalización previa que pola Intervención Xeral se realice ao abeiro do disposto nos artigos 214 e 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e correspondentes Bases de Execución dos Orzamentos para o exercicio

económico 2008 (Base 32ª) sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentenza dictada pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de suplicación nº 2232/2008, interposto polo Concello de Vigo contra a Senteza do Xulgado do Social de Vigo nº 4, sendo parte recorrida Dª Patricia Martínez González, e consecuentemente executar a sentenza nos seus propios termos segundo o esixido no Auto do Xulgado do Social nº 4 de Vigo (nº de execución 136/2008) do 01/09/2008, acordando o aboamento dos seguintes conceptos:

- 21.080,19 euros en concepto de principal.
- 3.000 euros en concepto de costas.

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 4 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa, notificando asemade o mesmo ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior e Unidade de Persoal (Organización e Métodos) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(1678).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE REFORMA DA CUBERTA EN POLIDEPORTIVOS DE AS TRAVESAS, COIA E MONTE DA MINA. EXPTE. 8010/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 23.10.08, o informe de Intervención Xeral, do 30.10.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 28.10.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 8018-333, polas razóns expostas no informe do Director deportivo do IMD de 20-10-2008.

2º.- Aproba-lo proxecto de execución das obras do proxecto de reforma da cuberta en polideportivos de as Travesas, Coia, e monte da Mina, redactado polos arquitectos D. Santiago González García, D. Miguel Porras Gestido, Dna Paula Costoya Carro e Dna Mónica Fernández Garrido (Naos 04 Arquitectos, S.L.).

3º.- Aproba-lo gasto de 140.000 euros para a execución das obras de execución das obras do proxecto de reforma da cuberta en polideportivos de as Travesas, Coia, e monte da Mina, dos que se imputarán 100.000 euros á partida 4521.632.00.00 do presuposto do ano 2008 e 40.000 euros o presuposto do ano 2009. .

4º.- Aproba-lo expediente de contratación que contén o prego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado sen publicidade para a execución das obras de execución das obras do proxecto de reforma da cuberta en polideportivos de as Travesas, Coia, e monte da Mina a Folla de Especificacións do Contrato de data 17-10-2008.

5º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

31(1679).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDA ARTIFICIAL DE BOUZAS E REPARACIÓN DE SÁMIL E TRAVESAS. EXPTE. 8020/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 23.10.08, o informe de Intervención Xeral, do 30.10.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 28.10.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 8020-333.

2º.- Aproba-lo proxecto de renovación do campo de fútbol de cespede artificial de Bouzas e reparación de Sámil e Travesas redactado polos arquitectos D. Santiago González García, D. Miguel Porras Gestido, Dna Paula Costoya Carro e Dna Mónica Fernández Garrido (Naos 04 Arquitectos, S.L.).

3º.- Aproba-lo gasto de 336.079,09 euros para a execución das obras de renovación do campo de fútbol de cespede artificial de Bouzas e reparación de Sámil e Travesas, que se imputarán á partida 4521.630.00.02 do presuposto do ano 2008.

4º Aproba-lo expediente de contratación que contén o prego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado con publicidade para a execución das obras de renovación do campo de fútbol de cespede artificial de Bouzas e reparación de Sámil e Travesas a Folla de Especificacións do Contrato de data 17.10.2008.

5º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

32(1680).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE BALAUSTRADA E CARTELERÍA PARA PARQUES INFANTÍS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 4180/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 23.10.08, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, conformado pola concelleira e o asesor xurídico de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo prego de prescricións técnicas para o contrato de subministro de carteis “modelo Concello de Vigo” e vala metálica para parques infantís do Concello de Vigo redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola do Servizo de Parques e Xardíns con data maio / 2008

2º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas particulares elaborado polo Xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais - Vías e Obras con data xullo /2008 para a contratación por concurso, procedemento aberto, da subministración dos materiais dos seguintes lotes:

Lote I: Carteis para parques. “ modelo Concello de Vigo”. Mínimo 70 carteis; Lote II: Valla metálica para parques

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación do subministro de balaustrada e cartelería para parques infantís do Concello de Vigo con cargo á partida 4326.601.0000 do presuposto 2008 polos importes que se indican segundo os lotes:

Lote I: Carteis para parques. “ modelo Concello de Vigo”:

Presuposto total con IVE= 32.000 €

Importe sin IVE = 27.586,21 €

IVE a soportar pola administración = 4.413,79 €

Lote II: Valla metálica para parques :

Presuposto total con IVE= 178.000,00 €

Importe sin IVE = 153.448,28 €

IVE a soportar pola Administración = 24.551,72 €

4º.- Convoca-lo procedemento aberto para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

33(1681).- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DA CONCELLERÍA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA 2008. EXPTE. 767/334.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Normalización Lingüística, do 24.10.08, conformado pola concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder, con cargo á partida 4633.489.00.00 do vixente orzamento, as subvencións ás entidades para os programas, proxectos e actividades desenvolvidas no ano 2008, por un importe total de seis mil (6.000,00€); constando no anexo I, que se achega, a relación de entidades, proxectos e subvencións concedidas.

2º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que, de seguido, se relacionan, por non ser conformes coa base terceira:

a) Por non acadar unha valoración global mínima de 12 puntos:

- SCDR Helios
- AVV San Roque
- AVCV-CSCR Beade
- Club Gamboa

- Asociación Beiramar de Vigo
- AVV Camiño Vello Coia
- Asociación Xogais
- Centro sociocultural AR Valadares (“Da cultura do teleclub á cultura do club”)

b) Por entender que os proxectos presentados non reúnen as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria:

- AVV Cristo da Vitoria
- Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo (AJE Vigo)
- AVV Teis
- Asociación de Comerciantes e Autónomos de Pontevedra
- Asociación galega contra as enfermidades neuromusculares (ASEM Galicia)
- Asociación de padres de minusválidos de Pontevedra (APAMP)
- AVCD de Lavadores
- AVCR San Mamede de Zamáns
- Club Montañeiros Celtas
- Asociación viguesa de alcohololoxía (ASVIDAL)

c) Por ter unha canle específica de subvención por parte doutros departamentos/áreas do Concello, ter asinados convenios co Concello ou por ter axudas doutras administracións:

- Asociación Cultural e Musical Os Trasnós da Gaita
- Asociación de dano cerebral de Vigo ALENTO
- Asociación de persoas xordas de Vigo
- Club de Loita San Ignacio
- Colectivo cultural alternativo MALAHERBA
- Asociación rede de mulleres veciñais contra os malos tratos
- Federación de Asociacións Veciñais "Eduardo Chao"
- Asociación Xuvenil Abertal

Anexo I

CIF	Entidade	Proxecto	Ptos. Proxecto	Ptos. Entidade	contia por entidade
G-36817385	Escola de Tempo libre Xaruma	Lingua de lecer	17	17	1108,7
G-36710234	Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra	Curso de atención ao público en galego	13	13	847,83

G-36989147	AZO Asociación galega de apoio ao inmigrante e emigrante retornado	Taller conversacional na lingua galega para estranxeiros	13	13	847,83
G-36617082	CSAR Valadares	Cal é o rol do galego?	12		
G-36617082	CSAR Valadares	De campamento co galego ás costas	13	25	1630,42
G-36648988	AVV CD San Xurxo	Obrando en galego	12	12	782,61
G-36921120	Centro cultural cubano de Galicia	Club de lectura galega	12	12	782,61
			TOTAL	92	5999,99

34(1682).- ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE ESCOLA OBRADOIRO DENOMINADO “VIGOZOO”. EXPTE. 5265/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 31.10.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aceptar a subvención para realización do proxecto de Escola Obradoiro denominado “VigoZoo” con 30 alumnos/as traballadores/as das especialidades de Albanelería, Xardinería e Carpintería Metálica e PVC, conforme a proposta de Resolución de data 30 de outubro de 2008 de o xefe de servizo de Promoción de Emprego da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

2º.- Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Hector Rodríguez Díaz o nomeamento dos representantes do Concello no grupo mixto Xunta-Concello.

3º.- Encomendar ao servizo de Promoción Económica e Emprego á xestión da Escola Obradoiro “VigoZoo”, conforme ao establecido na orde de 21 de decembro de 2007, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

35(1683).- BASES PARA A SELECCIÓN DO EQUIPO TÉCNICO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “VIGO LABORANDO”. EXPTE. 5316/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 4.09.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases que se achegan de procedemento de selección do equipo técnico para o desenvolvemento do proxecto “Vigo Laborando”.

2º.- Acordar que polo Concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá se proceda a designación dos membros dos órganos de selección establecidos nas bases, respectando o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

BASES PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN EQUIPO TÉCNICO DO PROGRAMA EXPERIMENTAL DE EMPREGO “VIGO LABORANDO”

1) *Natureza e duración dos contratos:*

- a) *O contrato terá a modalidade de obra ou servizo de duración determinada a xornada completa.*
- b) *A duración será de SEIS (6) meses de contrato rematando en todo caso o 31 de marzo de 2009.*
- c) *As retribucións serán as establecidas no Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2008-2011.*
- d) *Establécense os seguintes períodos de probas:*
 - i) *Para os postos de Orientadores Laborales:* Tres (3) meses.
 - ii) *Para os postos de Visitadores/as e persoal administrativo:* Un (1) mes.

2) *Postos de traballo:*

- a) *Catro (4) Orientadores/as Laborales.*
- b) *Dous/dúas (2) Visitadores/as.*
- c) *Dous/dúas (2) Auxiliares Administrativos/as.*

3) *Funcións e perfís requeridos:*

- a) *Para os postos de Orientadores/as Laborales.*
 - i) *Con funcións de información e orientación dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación dos demandantes de emprego.*
 - ii) *Titulación media ou superior.*
 - iii) *Titulacións preferentes:*
 - (1) *Psicoloxía.*
 - (2) *Pedagogía.*
 - (3) *Psicopedagogía.*
 - (4) *Socioloxía.*
 - (5) *Dereito.*
 - (6) *Educación social.*
 - (7) *Traballo social.*
 - (8) *Relacións laborais.*
 - iv) *Experiencia profesional en información profesional e/ou orientación laboral.*
 - v) *Coñecementos de informática a nivel usuario.*
 - vi) *Coñecemento do Galego.*
- b) *Para os postos de visitadores/as.*
 - i) *Con funcións de apoio e atención directa áos usuarios e usuarias do programa relacionado coa información e orientación xestionadas polos orientadores/as, dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación dos demandantes de emprego.*
 - ii) *Titulación de Bacheralato, FP-II ou superior.*
 - iii) *Experiencia profesional como auxiliar administrativo, orientación laboral, prospector de mercado, comercial ou equivalente.*
 - iv) *Coñecementos de informática a nivel usuario.*
 - v) *Coñecemento do Galego.*
- c) *Para os postos de Auxiliares Administrativos/a.*

- i) Con funcións de apoio administrativo e atención ao público.
- ii) Ciclo de grado medio ou superior de administración, secretariado ou equivalente.
- iii) Experiencia mínima de 1 ano como Auxiliar administrativo con funcións de atención ao público.
- iv) Coñecemento de informática
- v) Coñecemento da lingua galega.

4) Procedemento de selección:

- a) Concurso de méritos entre os/as aspirantes/as convocados/as mediante anuncio público na prensa local.
 - i) Os/as candidatos/as interesados presentarán o seu Currículo acreditado segundo o punto 4.b destas bases.
 - ii) Para acreditar a experiencia laboral (e a formación impartida) presentarse orixinal ou fotocopia da vida laboral, ademais de fotocopias dos contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifica claramente as funcións realizadas, achegarase unha certificación de funcións.
 - iii) Para acreditar a formación recibida presentarse fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, con número de horas.
 - iv) Baremaranse, unicamente, os currículos dos/as candidatos/as que reúnan o perfil considerado imprescindible para cada posto. No caso de non presentarse á convocatoria un número suficiente de candidaturas apropiadas, a Comisión de Selección valorará, para cada caso, a posibilidade de reducir as características requeridas como imprescindibles.
 - v) Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación fora do prazo estipulado.
 - vi) Ós/ás candidatos/as por posto con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar á entrevista, reclamaráselle a presentación dos orixinais da vida laboral e resto das acreditacións ou copias compulsadas. A non presentación desta documentación, será causa de exclusión do proceso selectivo.
 - vii) A Comisión de selección decidirá, para cada posto, cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación para acceder a entrevista persoal.

b) Valoración dos méritos aportados:

Esta función realizarana o Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello.

i) Valoración de méritos para os postos de Orientadores/as Laborales:

(1) Titulación (máximo 3 puntos):

(a) Titulación establecida como preferente:

- (i) Psicoloxía 3 puntos.
- (ii) Pedagogía 3 puntos.
- (iii) Psicopedagogía 3 puntos.
- (iv) Socioloxía 2 puntos.
- (v) Educación social 2 puntos.
- (vi) Dereiro 2 puntos.
- (vii) Traballo social. 2 puntos.
- (viii) Relacións laborais 2 puntos.

(b) Outras titulacións. 1,00 puntos.

(2) Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 ptos):

Másters, cursos, etc, en materias relacionadas coa análise ocupacional, mercado de traballo, formación ocupacional, itinerarios formativos, técnicas de busca de emprego, técnicas de entrevista, orientación laboral, aplicación e valoración de probas psicotécnicas, técnicas de comunicación e motivación, adestramento en habilidades sociais, relacións laborais, traballo e dinámica de grupo, resolución de conflitos, etc.

(a) Por cada 30 horas 0,10 puntos.

(3) Experiencia profesional en información e/ou orientación laboral (máximo 4 puntos):

(a) Como orientadores laborales e concellos e entidades sen ánimo de lucro:

0,50 puntos/semestre.

(b) En impartición e/ou elaboración de documentación para cursos e obradoiros de emprego

0,50 puntos/semestre.

(c) En traballos de inserción con colectivos desfavorecidos e en risco de exclusión social

0,40 puntos/semestre.

- (d) *En empresas de traballo temporal, consultorias e departamentos de recursos humanos en empresas* 0,40 puntos/semestre.
- (4) *Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)*
- (a) *Curso de Iniciación ou equivalente:* 0,15 puntos.
- (b) *Perfeccionamento ou equivalente* 0,25 puntos.
- (5) *Outros méritos relacionados coa informática (máximo 0,25 puntos)*
- (a) *Por cada curso de entre 20 e 49 horas* 0,05 puntos.
- (b) *Por cada curso de entre 50 e 249 horas.* 0,10 puntos.
- (c) *Por cada curso de máis de 250 horas* 0,20 puntos.
- ii) Valoración de méritos para os postos de Visitadores/as:
- (1) *Titulación (máximo 2 puntos):*
- (a) *Titulación:*
- (i) *Psicoloxía* 2 puntos.
- (ii) *Pedagogía* 2 puntos.
- (iii) *Psicopedagogía* 2 puntos.
- (iv) *Socioloxía* 1 puntos.
- (v) *Educación social* 1 puntos.
- (vi) *Dereiro* 1 puntos.
- (vii) *Traballo social.* 1 puntos.
- (viii) *Relacións laborais* 1 puntos.
- (2) *Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 ptos):*
Másters, cursos, etc, en materias relacionadas coa análise ocupacional, mercado de traballo, formación ocupacional, itinerarios formativos, técnicas de busca de emprego, técnicas de entrevista, orientación laboral, aplicación e valoración de probas psicotécnicas, técnicas de comunicación e motivación, adestramento en habilidades sociais, relacións laborais, traballo e dinámica de grupo, resolución de conflitos, etc.
- (a) *Por cada 30 horas* 0,10 puntos.
- (3) *Experiencia profesional (máximo 4 puntos):*
- (a) *Como orientadores laborales e concellos e entidades sen ánimo de lucro:* 0,50 puntos/semestre.
- (b) *En impartición e/ou elaboración de documentación para cursos e obradoiros de emprego* 0,50 puntos/semestre.
- (c) *En traballos de inserción con colectivos desfavorecidos e en risco de exclusión social* 0,40 puntos/semestre.
- (d) *Xestión da formación continua e ocupacional* 0,40 puntos/semestre.
- (e) *Xestión administrativa con atención directa ao público* 0,40 puntos/semestre.
- (4) *Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)*
- (a) *Curso de Iniciación ou equivalente:* 0,15 puntos.
- (b) *Perfeccionamento ou equivalente* 0,25 puntos.
- (5) *Outros méritos relacionados coa informática (máximo 0,25 puntos)*
- (a) *Por cada curso de entre 20 e 49 horas* 0,05 puntos.
- (b) *Por cada curso de entre 50 e 249 horas.* 0,10 puntos.
- (c) *Por cada curso de máis de 250 horas* 0,20 puntos
- iii) Valoración de méritos para os postos de Auxiliar Administrativa/o:
- (1) *Titulación superior e complementaria (máximo 1 punto):*
- (a) *Titulación superior e complementaria* 1,00 puntos.
- (b) *Titulación establecida como preferente* 0,50 puntos.
- (2) *Experiencia profesional (máximo 5 ptos):*
- (a) *En traballos de inserción con colectivos desfavorecidos e en risco de exclusión social* 0,40 puntos/semestre.
- (b) *Xestión administrativa con atención directa ao público* 0,50 puntos/semestre.
- (c) *Desenvolvemento de tarefas de xestión informática* 0,50 puntos/semestre.
- (3) *Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo ptos):.*
- (a) *Por cada curso de entre 20 e 49 horas* 0,10 puntos.
- (b) *Por cada curso de entre 50 e 249 horas.* 0,20 puntos.

- | | |
|---|--------------|
| (c) Por cada curso de máis de 250 horas | 0,40 puntos. |
| (4) Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación) | |
| (a) Curso de Iniciación ou equivalente: | 0,15 puntos. |
| (b) Perfeccionamento ou equivalente | 0,25 puntos. |
| (5) Outros méritos relacionados coa informática (máximo 1 punto) | |
| (a) Por cada curso de entre 20 e 49 horas | 0,05 puntos. |
| (b) Por cada curso de entre 50 e 249 horas. | 0,10 puntos. |
| (c) Por cada curso de máis de 250 horas | 0,20 puntos |
- c) Entrevista persoal (Máximo 5 puntos):
- i) A Comisión de Selección, para acadar unha puntuación final que permita seleccionar á persoa máis idónea para os postos de traballo en cuestión realizará unha a entrevista persoal a cada un/unha dos/as aspirantes, que se sumarán á puntuación obtida na valoración dos méritos.
- 5) Comisións de selección:
- a) Establecense dúas Comisións de selección:
- i) Postos de Oriendedores/as Laborales.
- ii) Postos de Visitadores e Auxiliares Administrativos/as.
- iii) Cada Comisión de selección comporase dos seguintes membros, cos suplentes correspondentes:
- (1) 1.- Presidente/a:
- (2) 1.- Secretario/a:
- (3) 3.- Vocais:
- b) Todas e todos os membros das Comisións de selección establecidas nas presentes bases deberán respetar o establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- 6) Presentación de solicitudes:
- a) Mediante instancia solicitando participar no proceso de selección, definindo o posto ao que opte.
- b) Prazo: 3 días hábiles a partir da data de publicación do anuncio na prensa local.
- c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n. (Vigo). Dirixido ao servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.
- d) Horario de entrega: De 9:00 a 13:00 horas.
- e) Documentación: Xunto coa instancia achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais e específicos establecidos nas presentes bases para cada posto de traballo.
- f) O requisito para contratar será comprobado por esta Admnsitración, para os efectos de non incorrer na prohibición prevista no Art. 9.4 da Lei 4/1998, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, introducido pola Lei 13/2007, do 27 de xullo, en relación co disposto no art. 15.5 do Estatuto dos traballadores.

36(1684).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.